

CRITERIOS QUE SE DEBEN UTILIZAR NA COLOCACIÓN DAS ETIQUETAS SEGUNDO AS DIFERENTES CLASES DE BENS

- **Armarios:**
Colocaranse na parte interior do mesmo no lado dereito segundo se abre a porta, se é que ten.
- **Mesas:**
Colocaranse no taboleiro pola parte inferior esquerda segundo se mira de fronte. A colocación da etiqueta será horizontal e co escudo á dereita para que se lea ó mirala.
- **Sillas:**
Pola parte inferior dereita segundo se sitúa o usuario. Se a superficie fora de plástico na que non se adhira ben a etiqueta, porase nalgunha parte metálica se a houberse pero sempre no lado dereito.
- **Caixoneiras con rodas:**
Colocarase sempre no lateral dereito superior mirándoa de fronte. A colocación será horizontal.
- **Arquivadores:**
No lateral dereito superior mirándoa de fronte. Se non fose posible por estar xuntos varios colocarase no fronte superior dereito. A colocación será horizontal.
- **Resto do mobiliario:**
Sempre no lado dereito superior e de xeito horizontal.
- **Equipos informáticos:**
Na parte dereita lateral e no caso de non ser esto posible na parte superior dereita. A colocación será sempre horizontal.
- **Maquinaria de oficina:**
Pola parte dereita lateral e no seu defecto na parte superior dereita. A colocación será horizontal.
- **Maquinaria en xeral:**
Parte dereita lateral ou no seu defecto na parte superior dereita e de xeito sempre horizontal.
- **Equipos de laboratorio:**
Seguirase o criterio de etiquetado no lado dereito superior en tódolos casos en que sexa posible, se non intentárase acercar o máis posible a este lugar. A colocación será horizontal.

Nota: Débese limpar a superficie onde irá colocada a etiqueta con algún produto específico.